

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

10313 *Lei 11/2010, do 28 de xuño, de reforma do sistema de apoio financeiro á internacionalización da empresa española.*

JUAN CARLOS I
REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

PREÁMBULO

1) Motivación.

As obrigas derivadas da aprobación da Lei 38/2006, do 7 de decembro, reguladora da xestión da débeda externa, en especial a disposición transitoria primeira, que fai referencia á necesidade de propor un novo proxecto de lei do Fondo de Axuda ao Desenvolvemento (FAD), implica tamén a necesidade de propor unha reforma legal do sistema de apoio financeiro á internacionalización, dado o carácter dual que ten o FAD na actualidade.

O Fondo de Axuda ao Desenvolvemento, creado polo Real decreto lei 16/1976, do 24 de agosto, sobre medidas fiscais, de fomento da exportación e do comercio interior, naceu co obxectivo de instrumentar un mecanismo financeiro que posibilitaba a exportación de bens e servizos españois con carácter concesional dentro do marco multilateral prevalente no seu momento. O FAD foi adaptando as súas funcións e alcance ás necesidades cambiantes nestes pasados anos, coas correspondentes modificacións normativas, e axustando o seu funcionamento coa experiencia habida tanto no que respecta ao deseño, adxudicación e execución dos proxectos, como á dotación e xestión financeira do mecanismo. A acumulación de diversos obxectivos para seren desenvolvidos por un único mecanismo, a evolución dos marcos xurídicos internacionais a que España está suxeita e, de modo destacado, as novas necesidades e retos da economía española e dos seus axentes económicos, aconsellan a reforma e adaptación do conxunto de mecanismos financeiros ata o de agora englobados baixo o esquema do FAD.

Son estes argumentos os que determinan a conveniencia de seguir contando con mecanismos que impulsen a internacionalización, xustificando a necesidade da reforma e adaptación do sistema de apoio financeiro de carácter oficial aos novos desafíos, obxecto desta lei. A reforma propón modificar o marco normativo para dispor dun instrumento adecuado a cada un dos obxectivos, de maneira que o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio canalizará a través do FIEM as políticas de internacionalización da empresa, e o Ministerio de Asuntos Exteriores e Cooperación contará cun fondo específico de axuda ao desenvolvemento. Así, lógrase unha especialización e adecuación de cada instrumento aos seus fins específicos: por un lado, a internacionalización da empresa, e por outro, a axuda oficial ao desenvolvemento, e evítanse as limitacións do instrumento anterior. A maior especialización permitirá unha mellora na eficiencia da política de internacionalización da empresa, necesaria para continuar ampliando e afondando na dimensión internacional da economía española, obxectivo principal do Goberno de España, dados os seus efectos positivos sobre o crecemento económico, a creación de emprego e a competitividade das nosas empresas, así como pola achega positiva que xera nas contas exteriores da economía española.

Esta especialización por instrumentos e obxectivos, pola que optaron as principais economías do mundo, ten o seu precedente en España nos artigos referidos ao Fondo de Axuda ao Desenvolvemento nas leis de orzamentos xerais do Estado para os anos 2007, 2008 e 2009, polos que a dotación do FAD para os citados exercicios queda dividida en

diferentes aplicacións orzamentarias, diferenciando así os recursos destinados á internacionalización da nosa economía daqueles destinados por un lado ás contribucións ás institucións financeiras internacionais, competencia do Ministerio de Economía e Facenda e, por outro, ás contribucións a organismos internacionais non financeiros, competencia do Ministerio de Asuntos Exteriores.

Esta reforma, en liña cos procesos seguidos por países do noso contorno, permite a adaptación dos instrumentos ata o de agora existentes ás novas necesidades detectadas polo mercado privado, e incorpora dúas medidas: por unha parte, a creación dun novo instrumento, o Fondo para a Internacionalización da Empresa (en diante, FIEM) e, por outro lado, a adaptación do seguro de crédito á exportación.

O FIEM concíbese como un instrumento que ofrece unha resposta máis adaptada ao contorno internacional actual, que exige un mecanismo financeiro máis flexible e eficiente, que cubra unha ampla variedade de situacións, nas cales as solucións financeiras ligadas aos procesos de internacionalización xogan un papel destacado no deseño das operacións.

A través do FIEM séntanse as bases para que as nosas empresas poidan presentar, nos seus contratos comerciais, ofertas financeiras ao menos tan competitivas como as dos seus competidores, impulsando deste modo a actividade exterior e o desenvolvemento do tecido empresarial. Búscase, así mesmo, potenciar a competitividade no exterior ampliando os conceptos susceptibles de recibiren financiamento oficial. Poderán recibir ese apoio non só aquelas operacións que contribúan directamente á exportación de bens e servizos españois, senón as consideradas de especial interese na estratexia de internacionalización da nosa economía. Outorgarase, por iso, unha atención especial á internacionalización das pequenas e medianas empresas, e por sectores, a aqueles con maior valor engadido e contido tecnolóxico, apoiando, moi especialmente, os proxectos que comporten tanto a exportación de bens de equipamento ou sistemas de alto valor engadido e transferencia de tecnoloxía como o investimento das nosas empresas no exterior.

O FIEM cumprirá con canta normativa internacional lle sexa de aplicación, especialmente co Acordo sobre liñas directrices en materia de crédito á exportación con apoio oficial ou consenso OCDE, así como as disposicións internacionais en materia de ambiente e anticorrupción, o convenio de loita contra a corrupción de axentes públicos estranxeiros nas transaccións comerciais internacionais da OCDE, e con todos os convenios en materia de dereitos humanos, de dereitos dos traballadores, igualdade entre mulleres e homes, dos que España é signataria, e os obxectivos de desenvolvemento do milenio.

Co obxecto de garantir a coherencia das distintas políticas, en particular o principio de coherencia de políticas para o desenvolvemento, a operativa do FIEM non redundará en sobreendebemento dos países receptores do financiamento, de modo que, en liña co espírito da Lei 38/2006, do 7 de decembro, reguladora da xestión da débeda externa, non se outorgará financiamento reembolsable aos países pobres altamente endebedados (HIPC, nas súas siglas en inglés), salvo informe, para tal efecto, da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos. Así mesmo, neste sentido, terán tamén en conta o espírito da Lei 23/1998, de cooperación internacional. Por outra parte, as actuacións no marco do FIEM velarán moi especialmente polo cumprimento de criterios de responsabilidade social corporativa, a través da aplicación de normas e principios de sustentabilidade e responsabilidade ambiental acordados internacionalmente, así como pola prevalencia dos enfoques, recomendacións e acordos internacionais para a erradicación de prácticas corruptas potencialmente asociadas aos proxectos susceptibles de financiamento.

Finalmente, o xestor do Fondo para a Internacionalización da Empresa (FIEM) velará, con todos os medios ao seu alcance, pola eficiente utilización dos recursos públicos nos fins que persegue o Fondo, complementándose cos principios xerais relativos á actuación administrativa, de transparencia e control parlamentario.

En relación co réxime do seguro de crédito á exportación, a Lei de reforma do sistema de apoio financeiro á internacionalización da empresa española dá cumprimento á disposición transitoria terceira da Lei 38/2006, do 7 de decembro, reguladora da xestión da débeda externa, que insta o Goberno a presentar nas Cortes Xerais un proxecto de lei que

reformule a regulación dos créditos que asegura a Compañía Española de Seguro de Crédito á Exportación, CESCE, co obxecto de minimizar o seu impacto na xeración de débeda en países terceiros.

II) Estructura da lei.

En consonancia co anterior, promúlgase esta Lei de reforma do sistema de apoio financeiro á internacionalización da empresa española, que se organiza en dous títulos fundamentais. O primeiro está constituído por dous capítulos dirixidos á creación e regulación do Fondo para a Internacionalización da Empresa (FIEM), e nel establécense os principios que rexerán a súa xestión, as operacións financiáveis por el, as condicións do seu financiamento, o procedemento de xestión e aprobación de operacións, así como outras circunstancias relevantes para o bo funcionamento deste instrumento.

O título segundo consiste nun único capítulo, que se refire á coherencia do seguro de crédito á exportación coa sustentabilidade da débeda.

TÍTULO I

O Fondo para a Internacionalización da Empresa (FIEM)

CAPÍTULO I

Creación, obxecto e principios reitores do Fondo

Artigo 1. *O Fondo para a Internacionalización da Empresa.*

Créase o Fondo para a Internacionalización da Empresa (FIEM), como instrumento para o financiamento de apoio oficial á internacionalización da empresa española, xestionado polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, a través da Secretaría de Estado de Comercio.

Artigo 2. *Obxecto do Fondo.*

O obxecto do FIEM é promover as operacións de exportación das empresas españolas, así como as de investimento español directo no exterior.

Artigo 3. *Principios reitores da xestión do Fondo para a Internacionalización da Empresa.*

A xestión do FIEM será acorde cos seguintes principios:

1. Coherencia e integración co resto de políticas: a xestión do FIEM será coherente cos convenios asinados e ratificados polo Goberno de España, co marco de actuación das distintas políticas españolas, en particular coas políticas de creación de emprego, promoción da actividade empresarial, e co principio de coherencia de políticas para o desenvolvemento.

2. A internacionalización da economía como obxecto do Fondo: dentro dese marco, as decisións relativas ao Fondo, en particular as relativas ao financiamento de proxectos ou operacións, terán como obxectivo o apoio e fomento da internacionalización da economía española.

3. Coordinación: as decisións e accións do departamento competente serán acordes co principio de lealdade institucional recollido no artigo 4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. Complementariedade coa actuación do mercado: o apoio público á internacionalización da empresa española derivado da xestión deste Fondo será complementario, nunca substitutivo, da actividade do mercado privado.

5. Coherencia co marco normativo internacional: a xestión do Fondo para a Internacionalización da Empresa será compatible co marco normativo internacional vixente.

6. O xestor do Fondo para a Internacionalización da Empresa (FIEM) velará, con todos os medios ao seu alcance, pola eficiente utilización dos recursos públicos e avaliará o impacto das operacións realizadas e a súa adecuación aos fins que persegue o Fondo.

CAPÍTULO II

Funcionamento do Fondo

Artigo 4. *Financiamento.*

1. O FIEM financiará aquelas operacións e proxectos de interese especial para a estratexia de internacionalización da economía española, así como as asistencias técnicas que estas operacións e proxectos requiran.

Así mesmo, con cargo ao FIEM poderanse financiar asistencias técnicas e consultorías de interese especial para a estratexia de internacionalización, destinadas á elaboración de estudos de viabilidade, factibilidade e pre-factibilidade, estudos relacionados coa modernización de sectores económicos ou rexións, así como consultorías destinadas á modernización institucional de carácter económico, en países de especial interese para as empresas españolas.

2. O apoio financeiro a proxectos de investimento e exportación adoptará principalmente a forma de préstamos, créditos e liñas de crédito, nas condicións que regulamentariamente se establezan. Sen prexuízo do anterior, poderanse financiar de forma non reembolsable asistencias técnicas e consultorías, así como proxectos e operacións cando as súas especiais circunstancias así o requiran. Estas circunstancias determinaranse regulamentariamente.

3. Con cargo ao FIEM non se financiarán operacións de exportación de material de defensa, paramilitar e policial destinado a ser usado por exércitos, forzas policiais e de seguridade ou polos servizos antiterroristas. En canto ao resto de material, poderá ser financiado sempre que cumpra cos controis legalmente establecidos.

4. Con cargo ao FIEM non se financiarán proxectos vinculados a determinados servizos sociais básicos, tales como a educación, a saúde e a nutrición.

Artigo 5. *Beneficiarios.*

1. Os beneficiarios de financiamento con cargo ao Fondo poderán ser Estados, administracións públicas rexionais, provinciais e locais estranxeiras, institucións públicas estranxeiras, así como empresas, agrupacións, consorcios de empresas públicas e privadas estranxeiras tanto de países desenvolvidos como de países en vías de desenvolvemento.

Os beneficiarios deberán garantir as operacións crediticias achegando garantía soberana, ben que se poderán admitir outras garantías en operacións de préstamo, nos termos e condicións que se fixen regulamentariamente.

Non se poderá outorgar ningún tipo de financiamento reembolsable a países pobres que estean altamente endebedados. Neste sentido, os países que alcanzasen o punto de culminación da iniciativa HIPC (nas súas siglas en inglés) só poderán excepcionalmente ser beneficiarios deste tipo de operacións reembolsables cando así o autorice expresamente o Consello de Ministros.

2. Así mesmo, con carácter excepcional e en coordinación co departamento competente, poderanse canalizar recursos a través do FIEM a organismos internacionais, sempre que a contribución correspondente teña un claro interese comercial e que o citado organismo outorgue a súa garantía cando o financiamento sexa reembolsable.

3. O outorgamento de financiamento aos beneficiarios, con cargo ao Fondo, por parte do Estado español, constitúe unha relación xurídica bilateral, e carece por tanto de

acción ningunha e non está lexitimado ningún outro suxeito de dereito para exixir ao Estado español o outorgamento dun determinado financiamento con cargo ao FIEM. Neste sentido, os potenciais adxudicatarios de licitacións e concursos públicos no estranxeiro asociados a proxectos total ou parcialmente financiados co FIEM terán, pola súa propia natureza, para todos os efectos, a condición de terceiros.

4. Os xuíces, tribunais e autoridades administrativas non poderán, por débedas dos Estados beneficiarios do financiamento ou das empresas adxudicatarias dos proxectos financiados exhibibles en territorio español, despachar mandamentos de execución nin ditar providencias de embargo contra os dereitos, fondos e valores produto da realización, liquidación e pagamento por parte da autoridade española concedente ou do seu axente financeiro, dos créditos e préstamos outorgados con cargo ao FIEM.

5. Nas operacións financiadas con cargo ao FIEM, o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, como xestor do FIEM, garantirá con todos os medios ao seu alcance a eficaz e eficiente utilización dos fondos, así como a transparencia e publicidade dos procedementos. Para iso, poderase contratar con cargo ao FIEM o control, o seguimento e a avaliación dos distintos proxectos e axudas que fosen ou vaian ser financiados con cargo a ese Fondo. As empresas españolas que fosen seleccionadas para a execución dun proxecto con cargo ao FIEM deberán certificar como requisito previo para poder tomar parte no proxecto, que cumpren co establecido nos acordos internacionais subscritos por España en materia de responsabilidade empresarial, dereitos laborais e de igualdade de xénero, en concreto, os acordos relativos á loita contra a corrupción e de carácter ambiental, así como aqueles requisitos que regulamentariamente se establezan. O cumprimento dos acordos mencionados implica que non poderán ser beneficiarias empresas que contribuísen á violación dos dereitos humanos, que participasen en prácticas de corrupción, que violasen os acordos en materia de dereitos dos traballadores, da infancia ou outras normas éticas que supoñan unha contradición cos acordos internacionais ratificados por España.

Artigo 6. *Interese especial para a estratexia de internacionalización.*

Para os efectos desta lei, entenderase que unha operación ou proxecto, asistencia técnica ou consultoría é de interese especial para a estratexia de internacionalización cando promova a internacionalización das pequenas e medianas empresas españolas, cando comporte o investimento directo ou exportación de bens e servizos de orixe e fabricación española nunha porcentaxe suficientemente significativa do financiamento, ou cando, en ausencia dese requisito, concorran circunstancias que xustifican tal interese.

Reglamentariamente desenvolveranse as características que deberán cumprir os créditos realizados con cargo ao FIEM. En todo caso as características observadas respectarán o aplicable a estas operacións pola regulación internacional, e máis concretamente o Acordo sobre directrices en materia de apoio oficial á exportación ou consenso da OCDE.

Artigo 7. *Xestión.*

1. A xestión do Fondo para a Internacionalización da Empresa corresponde ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, a través da Secretaría de Estado de Comercio.

Corresponderanlle ao xestor do Fondo, entre outras tarefas, as seguintes: a selección dos proxectos que se financiarán con cargo ao Fondo e de común acordo cos beneficiarios do financiamento, a elaboración dos perfís e estudos de viabilidade que sexan precisos para a análise deses proxectos, a valoración das propostas de financiamento e a súa posterior presentación ao Comité do Fondo para a súa aprobación, así como a supervisión da execución dos citados proxectos e a súa avaliación.

Corresponderá tamén ao xestor do Fondo o establecemento de medidas de prevención para a mitigación dos impactos negativos no desenvolvemento que sexan identificados no estudo das operacións realizadas con cargo ao Fondo para a Internacionalización.

2. A Secretaría de Estado de Comercio garantirá con todos os medios ao seu alcance a eficaz e eficiente utilización dos recursos do Fondo, para o cal se poderán financiar, con

cargo ao propio Fondo, as asistencias técnicas e encomendas de xestión que se coiden oportunas.

3. O Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, como xestor do FIEM, impulsará con todos os medios ao seu alcance a aplicación dos principios de transparencia, publicidade e concorrència nos procedementos de adxudicación polos países beneficiarios e poderá pór á disposición destes os recursos necesarios para garantir a eficiencia no procedemento de identificación, selección e adxudicación de operacións.

4. O resto de estipulacións relativas á xestión, incluídas as condicións financeiras dos créditos, o financiamento dos gastos locais, a participación de material estranxeiro ou o financiamento de comisións comerciais, así como calquera outra circunstancia que haxa que ter en conta nas operacións con cargo ao FIEM, serán obxecto de desenvolvemento regulamentario posterior.

Artigo 8. *Aprobación de operacións con cargo ao Fondo.*

1. O Comité do FIEM estará presidido polo/a secretario/a de Estado de Comercio e a súa constitución, composición e funcións serán establecidas na correspondente normativa de desenvolvemento.

2. Corresponderá ao Comité do Fondo para a Internacionalización da Empresa examinar e, de ser o caso, elevar para a súa aprobación polo secretario/a de Estado de Comercio, aquelas propostas de financiamento que se lle presenten con cargo ao FIEM, sen prexuízo do establecido nos puntos seguintes.

3. O Comité valorará aqueles créditos de carácter concesional e doazóns e elevaraos ao Consello de Ministros para a súa aprobación.

4. O Comité valorará aquelas operacións que sexan de especial relevancia atendendo ao seu importe e/ou consideracións de risco e poderá decidir a súa elevación ao Consello de Ministros, logo de informe da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, por proposta do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio. O Ministerio de Industria, Turismo e Comercio remitirá a documentación pertinente que deberá, en todo caso, permitir valorar o impacto do crédito obxecto de financiamento sobre a débeda do país receptor, o previsible impacto sobre o seu desenvolvemento, as recomendacións de endebedamento do país formuladas polas institucións financeiras multilaterais, a natureza do proxecto, a análise técnica do risco asociado ao proxecto e a súa relevancia desde o punto de vista da internacionalización e das relacións bilaterais.

5. Así mesmo, o Comité valorará aquelas operacións de financiamento de carácter reembolsable nas cales figuren como prestameiros Estados con problemas financeiros de sobreendebedamento (países HIPC, nas súas siglas en inglés) acoñados a iniciativas multilaterais de condonación cos cales España teña subscritos acordos de alivio da carga da débeda. Estas operacións elevaranse ao Consello de Ministros por proposta do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, logo de informe da CDGAE. Para iso, o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio remitirá a documentación pertinente que deberá, en todo caso, permitir valorar o impacto do crédito obxecto de financiamento sobre a débeda do país receptor, o previsible impacto sobre o seu desenvolvemento, as recomendacións de endebedamento do país formuladas polas institucións financeiras multilaterais, a natureza do proxecto e a súa relevancia desde o punto de vista da internacionalización e das relacións bilaterais.

6. O Comité do Fondo poderá tamén estudar operacións de renegociación e condonación dos activos do FIEM, incluíndo a troca de débeda por investimentos públicos e privados, por proposta do Ministerio de Economía e Facenda. Neses casos as propostas serán elevadas polo citado departamento ao Consello de Ministros para a súa aprobación.

Artigo 9. *Control parlamentario.*

1. O Goberno remitirá unha memoria anual ás Cortes Xerais e ao Consello Económico e Social das operacións, proxectos e actividades autorizadas con cargo ao Fondo de Internacionalización da Empresa, dos seus obxectivos e beneficiarios do financiamento,

condicións financeiras e avaliacións, así como información sobre o desenvolvemento das operacións en curso ao longo do período previsto.

2. Con periodicidade anual, a Secretaría de Estado de Comercio comparecerá en reunións ante as comisións de Industria, Turismo e Comercio do Congreso dos Deputados e do Senado para presentar esa memoria e dar conta da execución anual do FIEM e facer balance sobre as actuacións do Fondo e a adecuación dos resultados obtidos en relación cos previstos na estratexia de internacionalización.

3. Todas as operacións que se fagan con recursos do FIEM estarán suxeitas a información pública a través da posta á disposición da memoria que, unha vez remitida ás Cortes Xerais, se exporá na páxina web do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

Artigo 10. *Réxime orzamentario, económico-financeiro, contable e de control.*

Por se tratar dun fondo sen personalidade xurídica, o réxime orzamentario, económico-financeiro, contable e de control do Fondo para a Internacionalización da Empresa rexerá de acordo co establecido no artigo 2.2 e na disposición adicional décimo cuarta da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

Artigo 11. *Axente financeiro.*

1. O Instituto de Crédito Oficial formalizará, en nome e representación do Goberno español e por conta do Estado, os correspondentes convenios de crédito, préstamo ou doazón. Igualmente, prestará os servizos de instrumentación técnica, contabilidade, caixa, axente pagador, control e, en xeral, todos os de carácter financeiro relativos ás operacións autorizadas con cargo ao FIEM, sen prexuízo das competencias que en materia de control se establecen na Lei 47/2003, xeral orzamentaria, e demais normativa legal vixente.

2. Por instrucións do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, e na súa calidade de axente financeiro do FIEM, o Instituto de Crédito Oficial poderá contratar con cargo ao FIEM as asistencias técnicas vinculadas a proxectos a que se refire o artigo 4, número 1, parágrafo primeiro, desta lei. O procedemento de contratación axustarase ás previsións normativas específicas referentes á contratación do Instituto.

3. Coa finalidade de optimizar a xestión financeira do FIEM, o Instituto de Crédito Oficial, logo de autorización do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e logo de autorización da Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira, poderá depositar os recursos da conta de Tesouraría do FIEM en entidades financeiras distintas do Banco de España, domiciliadas en países que cumpran as normas internacionais en materia de transparencia financeira, prevención do branqueo de capitais e loita contra a evasión fiscal. Así mesmo, seguindo o mesmo procedemento de autorización e condicións, o Instituto de Crédito Oficial poderá efectuar operacións de investimento, así como operacións de intercambio financeiro para a cobertura de riscos.

4. Anualmente con cargo ao FIEM e logo de autorización por Acordo de Consello de Ministros compensarase o Instituto de Crédito Oficial polos gastos en que incorra no desenvolvemento e execución da función que se lle encomenda.

Artigo 12. *Recursos do FIEM.*

1. O Fondo nutrirase coas dotacións que se consignen nas leis de orzamentos xerais do Estado, a través do orzamento do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio. A esa dotación deberán selle sumar os recursos procedentes das devolucións ou cesións onerosas de préstamos e créditos concedidos, así como aquel outros fluxos económicos procedentes das comisións e xuros xerados e cobrados pola realización deses activos financeiros. A dotación orzamentaria, establecida na Lei de orzamentos xerais do Estado, será desembolsada e transferida ao Instituto de Crédito Oficial, axente financeiro do Estado, de acordo coas necesidades do Fondo.

2. Ademais de establecer as dotacións que anualmente se vaian incorporando ao Fondo para a Internacionalización da Empresa, a Lei de orzamentos xerais do Estado fixará anualmente o importe máximo das operacións que poderán ser autorizadas en tal

exercicio orzamentario con cargo ao referido Fondo, e dentro dese máximo o límite das operacións de carácter non reembolsable a que se refire o número 2 do artigo 4 desta lei, que se autorizarán no mesmo exercicio.

3. Entenderanse excluídas da limitación a que se refire o punto segundo deste artigo as autorizacións das operacións de renegociación de créditos concedidos anteriormente con cargo ao Fondo, sempre que se leven a cabo en cumprimento dos correspondentes acordos bilaterais ou multilaterais de renegociación da débeda exterior dos países prestameiros, nos cales España sexa parte.

4. Os recursos do Fondo comprometidos e desembolsados en cada exercicio con cargo ao FIEM non poderán ser considerados en ningún caso como Axuda Oficial ao Desenvolvemento (AOD).

Artigo 13. Efectos do incumprimento das condicións establecidas nos instrumentos de financiamento con cargo ao FIEM.

1. Nos instrumentos de financiamento preverase a posibilidade de que o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio anule ou revogue e deixe sen efecto as operacións de concesión de financiamento con cargo ao FIEM nas cales se produza un incumprimento das condicións previstas no instrumento de financiamento.

Así mesmo, nestes casos, a Administración poderalles reclamar ás empresas a devolución das cantidades que no seu momento lles fosen desembolsadas polo Estado español en substitución ou en virtude da relación emprendida co beneficiario do crédito, así como dos xuros que xerasen, e procederá á correspondente cancelación da débeda ao prestameiro dos fondos.

2. Para os casos en que resulte beneficiaria unha persoa física ou xurídica española, o incumprimento das condicións recollidas no instrumento de financiamento poderá dar lugar á súa inhabilitación para ser beneficiaria de futuros instrumentos de financiamento con cargo ao FIEM, circunstancia que, no caso das persoas ou entidades establecidas en España, será por un período de cinco anos que, excepcionalmente, se poderá reducir en virtude daqueles atenuantes da culpabilidade que se poidan apreciar.

A tramitación de tal inhabilitación levarase a cabo consonte o Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora da Administración.

A Dirección Xeral de Comercio e Investimentos será o órgano competente para o inicio e a instrución do procedemento e a súa resolución corresponderá á Secretaría de Estado de Comercio.

TÍTULO II

Réxime do seguro de crédito á exportación

CAPÍTULO I

Sustentabilidade da débeda

Artigo 14. Coherencia do seguro coa sustentabilidade da débeda.

1. Co fin de minimizar o impacto potencial na xeración de débeda dos países de destino dos proxectos de exportación que reciben apoio oficial a través do seguro de crédito por conta do Estado xestionado por CESCE, analizarase cada operación en relación co nivel de endebedamento do país, de acordo co previsto na Lei 38/2006, do 7 de decembro, reguladora da xestión da débeda externa, e as directrices e recomendacións dos organismos multilaterais.

2. En países pobres altamente endebedados (HIPC nas súas siglas en inglés), só se poderán asegurar operacións de exportación a medio e longo prazo con garantía soberana e por conta do Estado, cando a Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos (CDGAE) así o autorice por proposta do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

Nestes casos, a CDGAE valorará o impacto do crédito obxecto de cobertura sobre a débeda do país receptor, o previsible impacto sobre o seu desenvolvemento, as recomendacións de endebedamento do país formuladas polas institucións financeiras multilaterais, a natureza do proxecto, a súa relevancia desde o punto de vista da internacionalización e as relacións bilaterais.

Disposición adicional primeira. *Transferencia do balance e contas de Tesouraría.*

1. A partir da entrada en vigor desta lei, os activos e pasivos do Fondo de Axuda ao Desenvolvemento, así como os correspondentes dereitos e obrigas, serán transferidos ao balance do Fondo para a Internacionalización da Empresa, con excepción dos activos e pasivos que sexan atribuíbles a operacións aprobadas con cargo ao FAD por iniciativa do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación desde o 1 de xaneiro de 2006, e dos do Ministerio de Economía e Facenda, que transferirá todos os activos e pasivos do Fondo de Axuda ao Desenvolvemento atribuíbles a operacións por iniciativa dese departamento ao balance dese ministerio.

2. Así mesmo, coa entrada en vigor desta lei, o saldo da conta de Tesouraría do Fondo de Axuda ao Desenvolvemento, co nome «Fondo de Axuda ao Desenvolvemento para a Internacionalización», transferirase á conta de Tesouraría do FIEM.

3. Os importes de principal, xuros ou comisións xerados e cobrados como consecuencia de créditos concedidos con cargo ao FAD por iniciativa do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio con anterioridade ao momento da entrada en vigor desta lei, incluíndo os derivados de acordos bilaterais ou multilaterais de refinanciamento autorizados polo Consello de Ministros, serán ingresados na conta de Tesouraría do FIEM.

4. Os activos e pasivos de débeda cuxa condonación estea comprometida por acordo de Consello de Ministros atribuiranse instrumentalmente ao activo do FIEM. A posterior devolución destes activos ao país debedor realizarase por instrución do Ministerio de Economía e Facenda.

Disposición adicional segunda. *Transferencia de operacións.*

No momento da entrada en vigor desta lei quedarán transferidas ao FIEM o conxunto de operacións e propostas que son iniciativa do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio con cargo ao FAD e que, no momento da entrada en vigor desta lei, se encontren en tramitación. Igualmente se transferirán as liñas de crédito aprobadas polo Consello de Ministros con cargo ao FAD por iniciativa do dito departamento e pendentes de utilización, así como as obrigas de pagamento non formalizadas que deriven de operacións aprobadas con cargo ao FAD por iniciativa do dito ministerio.

Disposición transitoria única. *Recursos.*

A partir da entrada en vigor desta lei, e mentres non se estableza na Lei de orzamentos xerais do Estado a dotación e os límites a que se refire o artigo 12 desta norma, entenderanse de aplicación, para efectos de dotación e límite de aprobación de operacións con cargo ao FIEM, os saldos non dispostos e límites non cubertos previstos na Lei de orzamentos xerais do Estado para o FAD e que resultan de aplicación ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

Disposición derogatoria única. *Normas derogadas.*

1. Quedan derogadas todas as disposicións de igual ou inferior rango que contradigan ou se opoñan ao disposto nesta lei.

2. En especial, queda derogada expresamente a disposición adicional vixésimo segunda. dous. 2 da Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

Disposición derradeira primeira. *Títulos competenciais.*

Esta lei dítase ao abeiro das competencias que o Estado ten atribuídas polos artigos 149.1.10.^a e 14.^a da Constitución, en materia de comercio exterior e facenda xeral, e débeda do Estado, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento regulamentario.*

Autorízase o Goberno a ditar cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación e o desenvolvemento desta lei. No prazo de seis meses a partir da entrada en vigor desta lei, o Goberno aprobará o desenvolvemento regulamentario do FIEM. O regulamento incluírá, entre outras, as combinacións de outorgamento do FIEM xunto a outras actuacións de carácter financeiro; e as estipulacións relativas á xestión, incluídas as condicións financeiras dos créditos, o financiamento dos gastos locais, a participación de material estranxeiro ou o financiamento de comisións comerciais, así como calquera outra circunstancia que se deba ter en conta nas operacións con cargo ao FIEM.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 28 de xuño de 2010.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO